

POLÍTICA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

A política de prevención de riscos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) descansa en catro principios básicos:

- O valor das persoas como eixe central da actividade preventiva, de aí a necesidade de garantir un nivel elevado na seguridade, saúde e benestar de todos promovendo a mellora das condicións nas que se desenvolven as actividades laborais, docentes, de estudo e de investigación
- A integración da xestión preventiva na actividade cotián asumindo que a responsabilidade na xestión da prevención de riscos incumbe a toda a Universidade e, en consecuencia, ó Reitorado, ós diferentes Órganos de Goberno e a todos os membros da comunidade Universitaria
- A participación como elemento central para a mellora continua da acción preventiva a través da información, consulta e implicación dos traballadores, en todos os niveis e estamentos da Universidade
- A consideración da prevención de riscos como un requisito imprescindible para acadar a calidade na actividade universitaria, incluíndo o respecto ás condicións de seguridade, saúde e benestar das persoas como un elemento central da cultura da calidade

Principios que levan ó desenvolvemento dos seguintes COMPROMISOS:

1. Acadar un alto nivel de seguridade e saúde na actividade universitaria, evitando os riscos presentes nos distintos postos de traballo, valorando aqueles que non puideron evitarse e cumprindo, a normativa en materia de prevención de riscos laborais e outros requisitos non regulamentarios que a USC subscriba voluntariamente.
2. Aplicar e manter actualizado un Plan de Prevención de Riscos que integre a técnica, a organización, as relacións sociais, os factores ambientais e todo o relativo ás condicións de traballo e conteña todos os recursos preventivos necesarios para desenvolver unha acción permanente de seguimento da actividade preventiva verificando sistematicamente o cumprimento e a efectividade da mesma
3. Desenvolver, aplicar e manter un modelo de xestión da prevención destinado á mellora continua das condicións de traballo e estudo de xeito que os aspectos preventivos se incorporen en todas as actividades que se desenvolven na USC a todos os niveis de decisión e responsabilidade


4. Considerar o coñecemento e capacidade profesional dos traballadores en materia de seguridade e saúde para a asignación de traballos e elección de substancias, equipos e métodos de traballo
5. Favorecer os sistemas de protección colectiva sobre os individuais
6. Garantir a participación do persoal docente, investigador e de administración e servizos en todo o que poda afectar á seguridade e saúde no traballo
7. Desenvolver as actividades de información e a formación necesarias para o desenvolvemento da política preventiva, fomentando unha cultura preventiva
8. Promover a integración das entidades externas que prestan servizos nas instalacións da USC, así como dos subministradores, no compromiso activo da mellora das condicións de traballo
9. Difundir a política de prevención da USC entre toda a comunidade universitaria *e poñela a disposición de tódalas partes interesadas*

DILIXENCIA para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 3 de outubro de dous mil seis, **acordou** aprobar as presentes modificacións da **“Política de Prevención de Riscos da USC”**. Co Visto e Prace do Excmo. Sr. Reitor Magfco.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2006

Vº e Pr
O REITOR

A SECRETARIA XERAL



Senén Barro Ameneiro



Isabel García-Rodeja Gayoso